



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Oímbra para a execución da actuación “Melloras na Rúa da Igrexa, en San Cibrao. Concello de Oímbra (Ourense)”

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. E, no ámbito do abastecemento, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

2 O Concello de Oímbra pretende realizar a actuación “Melloras na Rúa da Igrexa, en San Cibrao. Concello de Oímbra (Ourense)”.

Na actualidade os servizos básicos de abastecemento e de saneamento atópanse en mal estado, presentando frecuentes problemas e avarías. Con esta actuación, preténdense mellorar os servizos básicos de auga ao núcleo de San Cibrao, no Concello de Oímbra.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Oímbra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31.12.2017, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2017. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas no convenio.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer polo Concello e incorporar ao patrimonio público municipal as obras de “Melloras na Rúa da Igrexa, en San Cibrao. Concello de Oímbra (Ourense)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

5 O custo total da actuación de referencia contemplada no convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de cincuenta e nove mil novecentos noventa e oito euros con noventa e nove céntimos (59.998,99 €). Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito





suficiente e axeitado na conta 6566 “Subvencións de capital. A corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2017.

6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento ten por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
O director de Augas de Galicia
Roberto Rodríguez Martínez
(documento asinado dixitalmente)





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Augas de Galicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 381. Fax 981 541 676
augasdegalicia@xunta.gal
<http://augasdegalicia.xunta.gal>

